

A serie chega a rúa con tres títulos, dúas novelas e un libro de relatos

## Galaxia lanza “Descuberta”, unha colección para os novos valores literarios

Un deseño innovador para afrontar unha idea que xa foi usada pola mesma editorial nos 50

FRANCISCO J. GIL • VIGO

Non vai ser nin a colección dunha xeración nin o órgano de expresión dunha corrente literaria. O seu obxectivo, ser canle de manifestación de literatura de calidade feita por autores que, sin ser novos en idade (polo menos, non é esa a condición) si o sexan no seu acercamento á narrativa.

Deste xeito definiu Damián Villalaín a filosofía da colección “Descuberta”, o máis novo proxecto editorial de Galaxia, que onte foi presentado en sociedade, ó tempo que os tres primeiros títulos que a inician, e os seus autores.

Villalaín, lembrou as dúas experiencias precedentes de coleccións adicadas ó lanzamento de novos valores, a primeira delas, Illa Nova, que nos anos 50 serviu de plataforma a escritores, daquela descoñecidos que hoxe son consagrados, como Carlos Casares o Xosé Luís Méndez Ferrín.

Nos oitenta, repetíuse a expe-


riencia con “Ronsel”, unha colección de carácter máis lírico.

### As obras

Os tres primeiros títulos de “Descuberta” son “Saturno tamén é deus”, unha colección de relatos de Uxía Casal, profesora de Lingua Galega en Ourense, que ten xa dúas obras nas librerías: “Un ano de fábula en catro estacións” (1994) e “As ás de Xenoveva” (1996). Os relatos conforman unha visión dos aspectos máis escuros da vida.

“Mar de fondo”, una novela de intriga de Manuel Núñez Singala, un lingüista que traballa no servizo de normalización da Universidade de Santiago e que ten, xa obra publicada, como a obra teatral “O achado do castro”. O terceiro título é “Finísimo po nas ás”, de Xerardo Quintiá, un lugués de Friol que traballa de recepcionista nunha sala de bingo e é grande afeccionado á lectura.

Villalaín definiu a súa novela,



CAMESELLE

Pola esquerda, Xerardo Quintiá, Uxía Casal e Manuel Núñez Singala.

que é o seu primeiro acercamento á literatura como autor, como “As memorias dun neno labrego da xeración do ‘Mazinger z’ e dos Picapedra”.

O deseño, o formato, a ilustración da capa, son obra do deseña-

dor Manuel Janeiro, xa de longo vencellado a Galaxia, quen para esta ocasión traballou sobre un formato totalmente novedoso, diferente do que o lector pode atopar no mercado editorial, non só galego, senón tamén español.

## A aposta pola literatura

O lanzamento dunha nova colección adicada ós novos valores, como plataforma fóra de todo tipo de correntes e movementos literarios, representa, polo esforzo editorial que supón, unha aposta hacia novas firmas que completen un xa bastante rico panorama literario.

A colección está o cargo de Dolores Vilavedra, a quen debemos a coordinación do “Diccionario da Literatura Galega”, do que chegou ás librerías recentemente, o seu segundo volume, e Franck Meyer, un experto en literatura galega que ven da Universidade de Tréveris, una cidade alemana cun notable vencellamento a Galicia dende os tempos de Prisciliano.

A Meyer, ademais, se deben algunhas das mellores traducións do seu idioma de orixe ó galego, como, a novela de Herman Hesse “Baixo as rodas” e que forma parte da xa longa lista de clásicos da literatura universal —como antes sucedera con Stendhal, Balzac, Conan Doyle ou máis recentemente, Steinbeck, que enriquecen, coa súa tradución na serie literaria de Galaxia, á lingua que os acolle.